



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CERCEDA

Intervención

Aprobación do padrón do servizo de axuda no fogar de xuño de 2023

Aprobación de padrón fiscal

Expediente TEDEC 2023/G003/000671

O decreto de alcaldía 633/2023, de 07/07/2023 aprobou o padrón da taxa municipal pola prestación do servizo de axuda no fogar, correspondente ó mes de xuño, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello. Durante este prazo o padrón estará a disposición dos interesados a efectos de reclamacións.

O prazo de cobramento en período voluntario será de dous meses, a contar dende o día seguinte ó da finalización do período de exposición pública. O pagamento farase mediante domiciliación bancaria.

Contra as liquidacións da taxa por prestación do servizo de axuda no fogar incorporadas ó padrón, poderase interpoñer, de conformidade co preceptuado no artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, de aprobación do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, recurso de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ó da notificación da presente resolución.

Contra a resolución do recurso de reposición deberá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante ó Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados dende o seguinte ó da notificación da resolución do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses a contar dende o día seguinte a que deba terse resolto por silencio o recurso potestativo de reposición, que será dun mes a contar dende o día da presentación, ca excepción do establecido no 14 j) e 14 k) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, de conformidade co artigo 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso Administrativa.

Todo isto sen perxuizo de que se poida interpoñer calquera outro que estime convinte en defensa dos seus intereses.

Cerceda, 10 de xullo de 2023

O alcalde do Concello de Cerceda

D. Juan Manuel Rodríguez García

2023/5627